ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU02005

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas sobre urbanismo e contaminación acústica.

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	6
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2002
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Cada día é máis acentuada a tendencia a ter en conta todo o relacionado co xenericamente chamado ambiente. Tradicionalmente a contaminación foi, e é, a pedra angular contra a que loitan institucións tanto públicas coma privadas ó quereren preserva-la calidade de vida. Sen embargo, algunhas contaminacións son tidas pouco en conta por consideralas de menor importancia. A contaminación acústica, o que vulgarmente chamamos ruído, é unha delas e, en cambio, é unha das máis prexudiciais para a saúde dos seres vivos, tal e como sinala a Organización Mundial da Saúde en reiterados informes.

Preténdese con estas xornadas centra-lo problema que presenta esta situación e sinala-las posibles solucións para palia-lo constante e progresivo aumento deste tipo de contaminación, que lenta pero inexorablemente vai apoderándose do noso medio.

DESTINATARIOS

Persoal ó servicio da Xunta de Galicia e da Administración local galega e interesados en xeral.

PROGRAMA

Trataranse estes temas:

-A garantía constitucional da protección do medio natural. Instrumentos legais de loita contra a contaminación acústica. Competencias das administracións públicas e mecanismos de coordinación e cooperación. Análise da normativa existente.

-Réxime xurídico da regulación do ruído na edificación. Análise das zonas de sensibilidade acústica.

-Tratamento do ruído na normativa de actividades clasificadas.

-Análise da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección da contaminación acústica.

-A planificación urbanística como instrumento de prevención da contaminación acústica: réxime das determinacións dos plans urbanísticos e os estándares urbanísticos. Exemplos prácticos.

-Réxime xurídico do estudio acústico de proxectos de obras e instalacións e efectos sobre o réxime urbanístico.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Número de prazas: limitado á capacidade do local.

3. DATOS EDICIÓNS

LUGO		
LOCALIDADE: Lugo		**INICIO / FIN:** 13/02/2002 a 14/02/2002
NUM. PRAZAS: 300	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME		
Salón de actos da delegación da Consellería da Presidencia e Administración Pública. Ronda da Muralla, s/n. Lugo		